

Que ficaría de nós?

Poderían desfacerse aquel libro ou aquel moble especial, e sobreviviríamos. Poderíamos extraviar as ferramentas de traballo dos nosos pais, e sobreviviríamos. Poderían arder os bosques do Eume, o Courel ou o Teixedal, e sobreviviríamos. Poderíamos ver esvaecer os ideais da mocidade e as vellas amizades, e sobreviviríamos. Poderían esnaquizarse as murallas de Lugo, a Torre de Hércules, o Arsenal de Ferrol, a catedral de Santiago, e sobreviviríamos. Poderíamos esquecer a nosa historia, cancións e tradicións, e sobreviviríamos. Poderían trasladarse fóra do país as empresas importantes ou deixar as universidades sen recursos, e sobreviviríamos.

E si, tamén sería posible perder o idioma, a nosa principal creación cultural, a cerna da nosa identidade persoal e colectiva, e que foramos quen de sobrevivir.

Mais, que ficaría de nós?

A Coruña, 4 de abril de 2010

Xosé Antón Fraga
Director Museos Científicos Coruñeses